

Núm. 247/10

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: *Adxudicación definitiva do contrato de servizo de impartición e xestión do curso "Atención sociosanitaria a persoas no domicilio".*

ANTECEDENTES

I. Por resolución de data 6 de xullo de 2010 esta Alcaldía adxudicou provisionalmente, o contrato de Servizo de impartición e xestión administrativa do curso: "Atención sociosanitaria a persoas no domicilio" á empresa "G12 Grupo Empresarial de Servicios, SL" polo prezo total de 35.685 € (exento IVE).

II. A adxudicación provisional publicouse no Perfil de Contratante do Concello en data 6 de xullo de 2010. A tramitación deste procedemento foi declarada urxente por Resolución de data 28 de xuño de 2010.

III. Visto que a adxudicación provisional notificouse ao adxudicatario, requíndoo para que presentase a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e constituíse a garantía definitiva.

IV. Visto que con data 16 de xullo de 2010, a adxudicataria constituíu garantía definitiva por importe de 1.784,25 € e presentou os documentos xustificativos esixidos.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 135.4 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, polo presente **RESOLVO:**

1º.- Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de Servizo de impartición e xestión administrativa do curso: "Atención sociosanitaria a persoas no domicilio" aprobada por Resolución de Alcaldía de data 28 de xuño de 2010.

2º.- Autorizar e dispoñer-lo gasto de 35.685 € con cargo á partida 241.227do orzamento do ano 2010.

3º.- Notificar a "G12 Grupo Empresarial de Servicios, SL", adxudicataria do contrato, a presente Resolución e citalo para a sinatura do contrato que terá lugar o día 20 de xullo de 2010.

4º.- Publicar a adxudicación definitiva do contrato de Servizo de impartición e xestión administrativa do curso: "Atención sociosanitaria a persoas no domicilio" no Perfil de contratante.

5º.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Soutomaior, 19 de xullo do 2010.

O ALCALDE,

Ante min, A SECRETARIA,